



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### VEDRA

##### Secretaría-Intervención

*Proceso selectivo para contratación de 1 operador de maquinaria e vehículos municipais e servizos varios do grupo V*

*Convocatoria de selección de persoal laboral temporal, mediante oposición (ejercicio único con 2 probas prácticas), de 1 operador de maquinaria e vehículos municipais e servizos varios do Grupo V a xornada completa con contrato por circunstancias da produción, para os servizos de obras públicas, conservación de espazos públicos e brigada verde, para o concello de Vedra*

#### ANUNCIO

Por resolución núm. 682/2025 de data 31 de xullo de 2025, o alcalde-presidente do concello de Vedra, resolveu aprobar as bases e proceder á convocatoria do proceso selectivo para a contratación laboral temporal, mediante oposición (ejercicio único con 2 probas prácticas), de 1 operador de maquinaria e vehículos municipais e servizos varios do Grupo V a xornada completa con contrato por circunstancias da produción, para os servizos de obras públicas, conservación de espazos públicos e brigada verde, para o concello de Vedra.

#### **BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE OPOSICIÓN (PROBA PRÁCTICA), DE UN OPERADOR DE MAQUINARIA E VEHÍCULOS MUNICIPALES E SERVICIOS VARIOS DO GRUPO V, PARA O CONCELLO DE VEDRA**

##### **BASE PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

Estas bases teñen por obxecto a contratación do seguinte persoal:

- 1 operador de maquinaria e vehículos municipais e servizos varios do Grupo V a xornada completa con contrato por circunstancias da produción, para os servizos de obras públicas, conservación de espazos públicos e brigada verde.

As tarefas a realizar, en cada caso, polo persoal seleccionado serán as seguintes:

- Operador de maquinaria municipal (maquinaria de movemento de terras, agrícola e forestal).
- Condutor de vehículos municipais (camión de obras, vehículos varios...).
- Acondicionamento e conservación de vías públicas (pavimentación e bacheo, colocación de badéns e bandas rugosas, construción de beirarrúas, rede de sumidoiros, tubaxe de pluviais, augas veciñais, de rego,...).
- Pequenas obras de ampliación de saneamento e abastecemento.
- Realización daquelas tarefas relacionadas cos servizos de obras públicas, conservación de espazos públicos e brigada verde que xurdan en cada momento.

A xornada laboral é a **tempo completo** e axustarase ás necesidades do servizo.

##### **BASE SEGUNDA.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.**

Para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos:

- Nacionalidade: Ter a nacionalidade española ou cumprir os requisitos establecidos no artigo 57 do TREBEP, no suposto de acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.

- Idade: ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

- Titulación: estar en posesión do título de **GRADUADO ESCOLAR** ou equivalente.

- Capacidade: posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto de traballo (anexo II).

- Habilitación: Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, e dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargo públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido

sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público (anexo III).

- Posuír o título/ certificado acreditativo do nivel de coñecemento de lingua galega **CELGA 2**, equivalente ou superior. Os aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento.

- **Estar inscrito/a como demandante ou mellora de emprego** no Servizo Público de Emprego de Galicia.

- Estar en posesión do **permiso de conducir tipo B**.

#### **BASE TERCEIRA.- PRESELECCIÓN E DATAS PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS**

Para realizar a selección presentárase oferta no Servizo Público de Emprego de Santiago Norte para que remitan persoas candidatas preseleccionadas desempregadas ou en mellora de emprego inscritas no Servizo público de Emprego, remitindo lista provisional.

As persoas preseleccionadas pola Oficina de Emprego presentarán instancia (anexo I) na que farán constar que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos nestas bases acompañándoa da seguinte documentación:

- Copia simple do documento de identidade. (DNI, NIE, Pasaporte).
- Copia simple do título/certificado acreditativo da titulación esixida.
- Copia simple do título/certificado acreditativo do nivel de coñecemento de lingua galega CELGA 2.
- Copia simple da tarxeta de demandante ou mellora de emprego na oficina de emprego correspondente.
- Carné de conducir tipo B.

**Datas para a realización das probas.-** As persoas candidatas deberán presentarse, na data e hora que a Oficina Pública de Emprego e/ou o Concello de Vedra requira (ben por carta ou por calquera outro medio de comunicación que se acorde) nas dependencias municipais da Casa do Concello de Vedra (Avda. Mestre M. Gómez, nº 1 – 15885 – Vedra) ou ubicación que se estableza para a realización das probas oportunas, provistos do DNI.

As persoas candidatas deberán realizar dúas probas prácticas para optar ao posto relacionadas coas tarefas a desenvolver.

#### **BASE CUARTA.- ADMISION DE ASPIRANTES.**

Recibida listaxe provisional de persoas candidatas preseleccionadas pola Oficina de Emprego, ditarase resolución no prazo máximo de un mes declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas con indicación, se é o caso, das causas de exclusión, constituirase a Comisión Seleccionadora e indicárase o lugar, a data e hora na que se realizarán as probas prácticas. Esta resolución publicarase na Sede Electrónica do Concello de Vedra, e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei.

As persoas aspirantes excluídas dispoñen dun prazo de tres días hábiles seguintes á publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, nos termos da Lei 39/2015.

Posteriormente, declararase aprobada a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as que se publicará na Sede Electrónica do Concello de Vedra.

#### **BASE QUINTA.- COMISIÓN SELECCIONADORA.**

A Comisión Seleccionadora será nomeada por Alcaldía e estará composto por:

Presidente/a: Un/unha funcionario/a ou persoal laboral fixo.

Vogais: Tres funcionarios/as ou persoal laboral fixo.

Secretario/a: O secretario do Concello ou funcionario/a en quen delegue.

Suplentes: Funcionarios/as ou persoal laboral fixo.

A Comisión de Selección ten a facultade de resolver cantas dúbidas xurdan e tomar acordos correspondentes á consecución de criterios de puntuación obxectivos.

A Comisión de Selección non poderá constituírse nin actuar validamente sen a asistencia de máis da metade dos seus integrantes debendo estar presentes o presidente e o secretario. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e formas establecidas pola Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común. A Comisión Seleccionadora continuará constituído ata tanto se resolvan as reclamacións que se presenten ou as dúbidas que se poidan derivar do procedemento selectivo.

A Comisión de Selección cualificadora poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes.

A Comisión de Selección non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ao do posto de traballo convocado, aínda que co resto de solicitantes non seleccionados establecerase unha orde para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse, en función das puntuacións obtidas.

Os integrantes da Comisión de Selección deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade que convoca, cando neles concorran circunstancias das previstas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e no artigo 23 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os/as aspirantes poderán recusar aos integrantes da Comisión de Selección cando se dera calquera das circunstancias establecidas no artigo 24 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público.

#### **BASE SEXTA.- CONTIDO DO PROCESO SELECTIVO, DESENVOLVEMENTO E CUALIFICACION.**

No suposto de que todos os aspirantes tivesen presentado o certificado CELGA 2, procederase directamente á fase de oposición.

Previamente á fase de oposición, deberase realizar unha proba de coñecemento da lingua galega, á que concorrerán aqueles aspirantes que non tivesen achegado canda a solicitude, certificado acreditativo do nivel CELGA 2. A tales efectos, estas persoas deberán sinalar na súa solicitude de participación en dito proceso selectivo esta circunstancia.

Esta proba será de carácter eliminatorio, e terá a cualificación de apto ou non apto, segundo corresponda a xuízo da Comisión Seleccionadora, e consonte aos criterios de corrección que a Comisión Seleccionadora debe publicar no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Vedra [[Sede electrónica Vedra - Inicio](#)], como mínimo, vinte e catro horas antes do desenvolvemento da proba.

Consistirá na tradución escrita directa dun texto en castelán facilitado pola Comisión Seleccionadora, á lingua galega, nun tempo máximo de 15 minutos. O texto será escollido pola Comisión Seleccionadora do proceso inmediatamente antes de celebrarse a proba, podendo formarse con parágrafos de distintos textos, correspondéndolle á Comisión Seleccionadora a fixación do nivel de coñecemento esixido para superar esta proba, dado que o texto non poderá ter mais de 50 palabras, sendo cualificados como non aptos aqueles aspirantes que teñan 10 erros ou máis (tanto de tradución, como de gramática, como de acentuación).

As/os aspirantes que non acreditasen estar en posesión do CELGA 2 ou equivalente e que non superasen esta proba quedarán excluídas/os do proceso selectivo.

A Comisión seleccionadora realizará un único exercicio consistente en dúas probas prácticas, relacionadas coas funcións de operador de maquinaria e vehículos municipais e servizos varios do Concello de Vedra:

#### **PROBAS PRÁCTICAS: Máximo de 20 puntos**

As persoas aspirantes serán convocadas en chamamento único, quedando decaídas no seu dereito aquelas que non comparezan.

Consistirá nun exercicio composto por 2 probas de carácter práctico acordadas pola Comisión Seleccionadora antes da realización das mesmas, determinando tamén o tempo de realización das probas. Estarán relacionadas coas tarefas que o posto require, tales como, manexo de maquinaria e vehículos municipais, maquinaria de obras e xardinería. Estas probas **terán carácter obrigatorio e non serán eliminatorias entre si.**

A Comisión Seleccionadora cualificará o exercicio con 20 puntos, tendo unha puntuación máxima cada unha das probas nas que consiste entre 0 e 10 puntos, atendendo ao menor tempo de execución e á mellor realización da proba de que se trate.

Para superar o proceso, as persoas candidatas terán que acadar un mínimo de 10 puntos entre as dúas probas.

Das sesións que celebre a Comisión Seleccionadora o/a secretario/a levantará acta, onde se farán constar as cualificacións das probas das persoas aspirantes e das que se produzan.

Superarán o proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que, ordenadas segundo a puntuación global acadada, lle corresponda un número de orde igual ou inferior ao número de postos convocados.

No suposto de empate na puntuación final, a orde de desempate establecerase:

En primeiro lugar, atendendo á maior puntuación acadada na primeira proba práctica, dentro dos máximos marcados.

En segundo lugar, á maior puntuación acadada na segunda proba práctica, dentro dos máximos marcados.

No caso de que persista o empate, atenderase á primeira letra do primeiro apelido seguindo a orde alfabética aprobada pola Xunta de Galicia que marca a orde de actuación dos/as aspirantes nos procesos selectivos para o ingreso na Administración Autonómica de Galicia que se deriven da oferta de emprego público correspondente ao ano 2025 (letra "F", DOG núm. 16 do 24 de xaneiro de 2025).

Nos apelidos compostos coa preposición de, da, do, de la, d'..., a mesma non será tida en conta (por exemplo: Marta de Fernández. A letra a ter en conta será o "F").

De persistir o empate, atenderase á segunda letra do primeiro apelido, seguindo a orde alfabética anterior, e así ata desfacer o empate; continuando polo segundo apelido e finalmente polo nome.

#### **BASE SÉTIMA.- CUALIFICACION FINAL E PROPOSTA DE CONTRATACIÓN**

A puntuación final do proceso, aos efectos de ordenación de aspirantes na relación de aprobados virá determinada pola suma total das puntuacións obtidas na fase de oposición.

A Comisión Seleccionadora non poderá declarar que supera o proceso selectivo un número superior de aspirantes que o número de postos convocados (un).

#### **BASE OITAVA.- RESOLUCION E FORMULACIÓN DE CONTRATOS**

1.- Terminada a cualificación de todo o proceso selectivo, a Comisión Seleccionadora publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Vedra [[Sede electrónica Vedra - Inicio](#)], a relación provisional de aspirantes aprobados, pola orde de puntuación.

2.- Abrirase un prazo para a presentación de alegacións de 3 días hábiles computados a partir do seguinte ao da publicación, aos resultados acadados que se indicará cando se publique a listaxe das puntuacións provisionais. De non presentarse, elevarase a definitivo a listaxe que se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Vedra.

3.- A Comisión Seleccionadora formulará proposta de contratación a favor da persoa aspirante que figure con maior puntuación, constituíndo o resto de aspirantes aprobados listaxe de reserva.

Dita lista de reserva será aos efectos de cobertura de renuncias, de baixas ou a non acreditación (documento orixinal ou copia compulsada) por parte da persoa candidata nomeada para o posto dos requisitos recollidos nestas bases, en relación coa contratación vinculada ao procedemento obxecto destas bases.

Así mesmo a lista de reserva atenderá a cobertura de baixas, renuncias ou reforzo doutros postos existentes no concello, que teñan relación co posto que se convoca.

Cando a Comisión Seleccionadora non poida efectuar proposta de nomeamento por non ter concorrido a persoa aspirante ou por non ter acadado a puntuación esixida para superar as probas selectivas, elevará proposta á alcaldía de que se declare deserta.

4.- A persoa seleccionada deberá cumprir os requisitos esixidos nesta convocatoria durante o período de presentación da solicitude e mantelos ata o momento da realización da contratación.

5.- Establécese un período de proba máximo legal, conforme ó artigo 14 do Estatuto de Traballadores. Transcorrido este período as persoas que o superen, adquirirán plena eficacia o contrato subscrito.

6.- A formalización do contrato realizarase conforme ao previsto na lexislación vixente.

7.- En tanto non se formalice o nomeamento e non se incorpore ao posto de traballo, a persoa aspirante non terá dereito a prestación económica algunha.

#### **BASE NOVENA: INCIDENCIAS.**

A Comisión Seleccionadora está facultada para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo non previsto expresamente nestas bases. Así mesmo, a xurisdición competente para resolver as convocatorias en relación cos efectos e resolución do contrato será a xurisdición social.

#### **BASE DÉCIMA: LEXISLACION APLICABLE.**

Para o non previsto nestas bases estarase ao establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polos que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Función Pública de Galicia, a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

Vedra, 31 de xullo de 2025

O Alcalde (Carlos Martínez Carrillo)

## ANEXO I. SOLICITUDE

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |  |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|
| NOME E APELIDOS                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |  |
| DNI                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |  |
| ENDEREZO                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |  |
| TELÉFONOS DE CONTACTO                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |  |
| Marque cun X o tipo de notificación preferente:<br>POSTAL ____ NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA ____<br>DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA ____<br>Solicita notificación por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a> , ao que se poderá acceder co certificado electrónico asociado ao DNI da persoa solicitante.<br>ENVIARANSE AVISOS DA POSTA Á DISPOSICIÓN AO CORREO ELECTRÓNICO: _____ |  |

### EXPOÑO:

1º.- Que como persoa candidata preseleccionada polo Servizo de Emprego Público de Galicia e admitida por Resolución de Alcaldía, para cubrir un posto de operador de maquinaria e vehículos municipais e servizos varios do Grupo V, baixo a modalidade de persoal laboral temporal a tempo completo con contrato por circunstancias da produción, convocado polo Concello de Vedra, a través de publicación das bases no BOP e Sede Electrónica do concello.

2º.- Que reúno todos os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, que declaro coñecer.

3º.- Que achego a seguinte documentación, sumando a miña solicitude un total de ..... páxinas.

- ☐ Fotocopia simple do documento de identidade. (DNI, NIE, Pasaporte)
- ☐ Declaración responsable de non padecer enfermidade, nin estou afectado/a por limitación física ou psíquica que impidan o desempeño das funcións propias do posto de traballo (Anexo II).
- ☐ Declaración responsable do cumprimento dos requisitos legais para a participación na convocatoria. (Anexo III).
- ☐ Documentación esixida na base segunda:
- ☐ Carné de conducir tipo B.
- ☐ Copia simple do título/ certificado acreditativo da titulación esixida.
- ☐ Copia simple do título/ certificado acreditativo do nivel de coñecemento de lingua galega CELGA 2.
- ☐ Copia simple da tarxeta de demandante ou mellora de emprego na oficina de emprego correspondente.
- ☐ Carné de conducir tipo B.Polo exposto,

### DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- Que todos os datos e documentación que aporta son certos.
- Que coñezo as bases desta convocatoria e as acepto.
- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, e dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharme en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargo públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharme inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- A efectos do previsto no artigo 10 da Lei 53/1984, do 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas e no artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismos e Empresas dependentes:
- Que NON \_\_\_\_ SI \_\_\_\_ desempeño posto ou actividade no sector público delimitado polo artigo primeiro da Lei 53/1984.
- Que NON \_\_\_\_ SI \_\_\_\_ realizo actividade privada incompatible ou suxeita a recoñecemento de compatibilidade.
- Posuír a capacidade funcional e psíquica para o desempeño das tarefas non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio das tarefas habituais e funcións correspondentes ao posto de traballo ao que se opta.
- Ter sido informado polo Concello de Vedra que no suposto de que eu teña dúbidas sobre si padezo algunha enfermidade infecto-contaxiosa e que reúno as condicións psíquicas e físicas necesarias para a realización do traballo, é aconsellable que, con carácter previo á contratación, faga un recoñecemento médico que descarte a existencia dalgunha enfermidade

infecto-contaxiosa e/ou dalgún problema que puidese impedir a normal realización do traballo nas condicións debidas podendo aportar certificado médico acreditativo deses extremos.

- Os datos recollidos a través deste anexo trataranse de conformidade coa Lei de Protección de Datos de Carácter Persoal:

#### INFORMACIÓN DE PROTECCIÓN DE DATOS PARA SOLICITANTES DE EMPREGO

En cumprimento coa actual normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal, procedemos a informarlle sobre o tratamento dos seus datos persoais.

##### 1.- RESPONSABLE DO TRATAMENTO:

O responsable de tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE VEDRA, con dirección en Avda. Mestre M. Gómez, nº 1 (Vedra) – 15885 – VEDRA (A CORUÑA); [dpo@concellodevedra.es](mailto:dpo@concellodevedra.es).

##### 2.- FINALIDADE

O acceso á condición de persoal laboral de CONCELLO DE VEDRA efectuarase de conformidade co proceso de selección MEDIANTE OPOSICIÓN (DUAS PROBAS PRÁCTICAS), nos que se garantirá, en todo momento, o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

##### 3.- LEXITIMACIÓN

A base de licitude para o tratamento dos seus datos é o cumprimento dunha obriga legal no marco do proceso de selección.

##### 4.- DEREITOS

Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, indicados na información adicional, que pode exercer en [dpo@concellodevedra.es](mailto:dpo@concellodevedra.es)

Información adicional: Pode consultar información adicional e detallada sobre Protección de Datos en [www.concellodevedra.es/politica-de-privacidade](http://www.concellodevedra.es/politica-de-privacidade)

Para que poidamos tratar os seus datos nos procesos de selección, necesitaremos que nos outorgue o seu consentimento. Para iso, deberá cumprimentar e asinar o seguinte recadro:

NOME E APELIDOS: \_\_\_\_\_

DNI: \_\_\_\_\_

DATA E LUGAR: \_\_\_\_\_

SINATURA: \_\_\_\_\_

**SOLICITO:** Que se teña por presentada esta solicitude e a documentación que a acompaña para participar no proceso selectivo de operador de maquinaria e vehículos municipais e servizos varios do Grupo V.

Vedra, ..... de ..... de 2025

Sinatura:

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)**

**ANEXO II.- MODELO DECLARACION RESPONSABLE**

D. .... con DNI nº ....., teléfono .....,  
e domicilio a efectos de notificación en .....  
.....

**DECLARACION RESPONSABLE**

Que non padezo enfermidade, nin estou afectado/a por limitación física ou psíquica que impidan o desempeño das funcións propias do posto de traballo para as que me inscribo no Concello de Vedra.

Vedra, ..... de ..... de 2025

Asdo. ....

**ANEXO III.- MODELO DECLARACION RESPONSABLE**

D. .... con DNI nº ....., teléfono .....,  
e domicilio a efectos de notificación en .....  
.....

**DECLARACION RESPONSABLE**

- ☐ Que non incorro en causa de incompatibilidade ou de incapacidade e de que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo, de calquera Administración Pública ou órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, e non estar inhabilitado para o exercicio e desempeño de funcións públicas.
- ☐ **(No caso de ser nacional doutro Estado):** Que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Vedra, ..... de ..... de 2025

Asdo. ....

2025/5141